



ANUNCIO

Por Resolución de Alcaldía núm. 543/2020, de data 13.11.2020, foi aprobada á creación dun Rexistro de solicitantes de vivenda municipal, dentro do Programa de vivendas baleiras, tras a adhesión do Concello ao convenio do IGVS.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá sempre aberto, pero dada a urxencia da adxudicación da vivenda incluída no rexistro, tras a rehabilitación con este fin da casa de mestres da antiga escola de Cequeliños, ábrese un período de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no BOPPO. As persoas que presenten a solicitude con posterioridade a este prazo, pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda para as seguintes adxudicacións.

Todo elo, sen prexuízo da publicidade que se efectuará a través do taboleiro de edictos municipal e na páxina web do Concello na que se atoparán a disposición dos interesados os modelos de solicitude.

En Arbo. O Alcalde, Horacio Gil Expósito. Documento asinado dixitalmente o 17.11.2020

